



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CATRO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 21)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catro de xuño de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño e o Sr. Deputado D. José Luís Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de maio de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DA IMAXE DA DEPUTACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DA RIBEIRA SACRA A TRAVÉS DA LONGAMETRAXE *LIVE IS LIFE*.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do patrocinio da imaxe da Deputación e promoción turística da Ribeira Sacra a través da longametraxe *Live is life*, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EQKZ4ZBPKQSPJ4FV4L4RR7Y.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EUYHJFBWZX2W23RMCGF7C4Q.

Informe da Intervención Xeral, relativo á existencia de crédito, con CSV: IV7EVWLDNMJSTFP7YZXAF727FY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7EQOD3NQHTXW5IDRQMIIJDOA.



Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EQOD6JP5CV6NLQPVNGBQC4E.

Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do patrocinio da imaxe da Deputación e promoción turística da Ribeira Sacra a través da longametraxe *Live is life*.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporárase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a Unipublic S.A. a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende

a 82.644,63 €, aos que habería que engadir 17.355,37 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 100.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE MEIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Lote 1 Mobiliario Xeral.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 31 de maio de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7H4XRZLXWYTG2Q5RMEYEME¹.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica da Sección de Benestar, con CSV IV7H4XZ6LEBIJDPKANVW6BLEGQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GEK3LL5E5VWMT5XU4IUPOGM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7H4PXCEAOSLTMDANPR547VD4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H4P3PYFU2X2R32UPAKRAUE4.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7H5QDCJEX2L5OZ475DIUQ6EU.

Acordo da Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7H5XLKB4HKZF04S4O4F3RD4A.

Acta da Mesa de Contratación do día 9 de abril de 2021, con CSV IV7HEYJZHYU75ON2YJ64KQZH4I, que acordou o seguinte:

“1.- Excluir á licitadora Innova Monforte, S.L., por revelar parcialmente o contido da oferta, vulnerando a obriga de manter o secreto das proposicións ata o momento da apertura das mesmas (artigo 139 da LCSP).

2.- Requerir, polo Servizo de Contratación, con prazo de tres días hábiles, as seguintes aclaracións e subsanacións:

Á licitadora Textiles Jafepama 2000, S.L. (lote 5 cortinaxes), que aclare se a última presentación se corresponde coa súa proposición para o procedemento, posto que na lista de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público, dita razón social figura en dous momentos distintos.

Á licitadora Alarsa Hostelera S.L. (lote 3 lavandaría), no que se refire ao apartado 16 do Anexo I, relativo á “información básica sobre a protección dos seus datos”, para que o presente correctamente.

Á licitadora Alumat accesorios, S.L. (lote 5 cortinaxe), no que se refire ao apartado 13 do Anexo I, relativo á obriga imposta polo artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo, de Igualdade para mulleres e homes, ás empresas que contén con máis de 250 traballadores, para que o presente correctamente.

Á licitadora Social Mobel S.L. (lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas), no que se refire aos apartados 14, 15 e 16 do Anexo I, para que os presente correctamente.

3.- En canto ao Lote 1 Mobiliario Xeral, conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a Galmedica S.L. Acórdase que polo Servizo de

Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

4.- En canto ao Lote 4 pequenos electrodomésticos e material de limpeza:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	100,00
2	COTELGA S.L.	73,42

Requirir á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Acta da Mesa de Contratación do día 16 de abril de 2021, con CSV IV7HFUJOP7VD6TJPCJYEDYTU5Y, que acordou o seguinte:

“1.- En canto ao Lote 5 cortinaxes, conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a Arteblamel S.L., Rafitextil DTT e Visual Project Management SL.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

2.- En canto ao Lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SOCIAL MOBEL	100
2	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	99,56
3	DMS S.L.	79,40



Requirir á empresa Social Mobel S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

3.- En canto ao Lote 3 lavandería:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	ALARSA HOSTELERA S.L.	100
2	MARIÑA CLIMA	76,51

Requirir á empresa Alarsa Hostelera S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Acta da Mesa de contratación celebrada en data 3 de maio de 2021, con CSV: IV7EU2BMFEN63SZKVQXM6PX6EI, na que se acordou o seguinte:

“Lote 1 Mobiliario xeral:

1º.- Excluir a proposta presentada pola empresa Galmedica S.L., asumindo como propio o informe realizado polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, con CSV IV7HGPXLEEHR66YW7QECJRTCU.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INDUSTRIAS HIDRAULICAS PARDO S.L.	88,33
2	CAFESA DIVISIÓN COMERCIAL S.L.	87,11
3	ILUNION SALUD SAU	84,11
4	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U.	82,78
5	EL CORTE INGLÉS, S.A.	82,48
6	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	79,26
7	ASMOBEL S.A.	78,12

3º.- Requirir á empresa Industrias Hidraulicas Pardo S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 5.237,95 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Lote 5 Cortinaxe:

1º.- Excluír as propostas presentadas polas empresas Rafitextil DTT 3.8, S.L. e Visual Project Management, S.L., asumindo como propio o informe realizado polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, con CSV IV7HGPXLEEHR66YW7QECJRTCU.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.



2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	ARTEBLAMEL S.L.	81,57
2	MP DICLESA S.L.	69,64
3	TEXTIL CONTRACT DEVELOPMENT SLU	68,41
4	TEXTILES JAFEPAMA 2000	57,58
5	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS SLU	55,23
6	CAFESA DIVISIÓN COMERCIAL S.L.	46,64
7	PAZ DISMAC S.L.	45,16
8	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	44,98
9	ALUMAT ACCESORIOS S.L.	26,46

3º.- Requirir á empresa Arteblamel S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 594,72 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento”

Acta da Mesa de Contratación de 14 de maio de 2021, con CSV: IV7EW6PLGBNSQT7T5X7BH4XUCU, na que se acordou o seguinte:

“Requirir á empresa Alarsa Hostelera S.L. a subsanación do certificado do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Proponer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1.- Adxudicar á empresa Social Mobel S.L., con CIF B37518685, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas) por un importe de 23.711,00 euros aos que se engadirán 4.979,31 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 28.690,31 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

2.- Adxudicar á empresa Suministros Técnicos De Galicia S.L., con CIF B15213911, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 4 pequenos electrodomésticos e material de limpeza) por un importe de 12.109,79 euros aos que se engadirán 2.543,06 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 14.652,85 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

3.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

5.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Acta da Mesa de Contratación de 21 de maio de 2021, con CSV: IV7EWEIKF4OLVGPTWFW4OYKP4A, co seguinte acordo:

“Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación a subsanar no lote 3 Lavandería, infórmase que a licitadora Alarsa Hostelera S.L. presentou na Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 14 de maio de 2021.

A continuación, previo exame da documentación presentada, declaración de non atoparse en concurso de acredores, enténdese que está presentada correctamente, segundo o recollido no art. 150.2 LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:



1.- Adjudicar á empresa Alarsa Hostelera S.L., con CIF B81093296, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 3 lavandería) por un importe de 29.561,37 euros aos que se engadirán 6.207,89 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 35.769,26 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

2.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adjudicación aos efectos oportunos.”

Reunida a Mesa de Contratación na data de hoxe, 31 de maio de 2021, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, correspondente ao lote 1 mobiliario xeral e lote 5 cortinaxes, acorda o seguinte:

En canto o lote 5 cortinaxes, acórdase a suspensión do procedemento, á vista da interposición do recurso especial en materia de contratación nº 108/2021, interposto ante o TACGAL por Visual Project Management S.L., contra a exclusión da súa oferta. Polo Servizo de Contratación infórmase á Mesa das alegacións do recorrente.

A Mesa de Contratación acorda convocar nova sesión para aprobar a proposta de informe do órgano de contratación, solicitado polo TACGAL.

En canto o lote 1 mobiliario xeral, a licitadora mellor valorada, Industrias Hidráulicas Pardo S.L., presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 3 de maio de 2021.

A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación, entendendo que está presentada correctamente segundo o recollido no art. 150.2 LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP, xa que aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra, polo que ao non facer observacións algunha neste sentido enténdese correctamente presentada.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade:

“En canto o lote 5 cortinaxes, acórdase a suspensión do procedemento, á vista da interposición do recurso especial en materia de contratación nº 108/2021, interposto ante o TACGAL por Visual Project Management S.L., contra a exclusión da súa oferta. A Mesa de Contratación acorda convocar nova sesión para aprobar a proposta de informe do órgano de contratación, solicitado polo TACGAL.

Propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L., con CIF B50057322, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 1 Mobiliario Xeral) por un importe de 104.759,00€ euros, aos que haberá que engadir 21.999,39 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 126.758,39 € euros., cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



1º.- Adjudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L., con CIF B50057322, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 1 Mobiliario Xeral) por un importe de 104.759,00€ euros, aos que haberá que engadir 21.999,39 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 126.758,39 € euros., cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- O prazo máximo de entrega é de dous meses desde a sinatura da acta de inicio.

5º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adjudicación aos efectos oportunos.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Lote 1 (mobiliario xeral) Lote 3 (equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal).

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes.

Acordo da Xunta de Goberno de 27 de outubro de 2020:

“1º.- Declarar deserto o Lote 2 (equipamento tecnolóxico), por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Adxudicar á empresa As Mobel S.A., con CIF A79165023, a contratación da subministración de equipamento do Centro de Atención a Maiores de Pedrafita do Cebreiro, lote 1 (mobiliario xeral), por un importe de 87.510,21 €, aos que se engadirán 18.377,14 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 105.887,35 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

3º.- Adxudicar á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., con CIF B15213911, a contratación da subministración de equipamento do Centro de Atención a Maiores de Pedrafita do Cebreiro:

Lote 3 (equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal), por un importe de 19.040,29 €, aos que se engadirán 3.998,46 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 23.038,75 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 7 anos (2 garantía mínima+5 garantía a maiores).



Lote 4 (xogos e material pedagóxico), por un importe de 1.883,89 €, aos que se engadirán 395,62 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 2.279,51 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 7 anos (2 garantía mínima+5 garantía a maiores).”

Formalización dos contratos:

Lote 1: contrato asinado con data 26 de novembro de 2020, con CSV IV7GY2BSJH6552Z36NWFMQD76Q.

Lotes 3 e 4: contrato asinado con data 24 de novembro de 2020, con CSV IV7G7TTNBIJTX3FKCVXGIZXW74.

Proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade de modificación do contrato, lotes 1 e 3, de data 21 de maio de 2021, con CSV IV7EWEHINYFYZGFC3VIC4BXTOY.

Consignación orzamentaria de data 24 de maio de 2021, con CSV IV7EXTB5BRES33MPRX5V6X2HL4.

Aceptación do modificado polos contratistas.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Consideracións xurídicas.

O PCAP reitor desta licitación prevé, no punto T do Cadro resumo, en relación cos artigos 203 e 204 da LCSP, a modificación seguinte:

“De acordo co disposto no artigo 204 da LCSP, prevese neste PCAP a seguinte modificación: Modificación por necesidade de aumentar o número de unidades de algún dos elementos a subministrar durante o prazo de dous anos a contar desde a formalización do contrato.

Esta modificación non poderá supoñer unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial de cada lote.

Os motivos da modificación poden ser: necesidades que xurdan no centro, substitución por deterioro e outras semellantes.

Os prezos que se aplicarán serán os establecidos para cada unidade, aplicando a rebaixa que ofertara o adxudicatario ao presentar a súa proposición económica.”

Cúmprese o preceptuado nesta cláusula:

A proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade consiste en aumentar o número de unidades de algún dos elementos a subministrar:

“Necesidade de subministrar unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do presente expediente e concretamente as seguintes:

Do Lote 1:

2 Ud. Colchón antiescaras



4 Ud. Aplique de parede

1 Ud. Porta peonil exterior

1 Ud. Parasol

Do Lote 3:

1 Ud. Taburete xiratorio

2 Ud. Carro de curas

10 Ud. pedalier

5 Ud. Termómetro lectura dixital

6 Ud. Termómetro medición auga

2.- Atopámonos dentro do prazo “de dous anos a contar desde a formalización do contrato”.

3.- A modificación non supón unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial de cada lote, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

LOTE	IMPORTE TOTAL ADXUDICADO IVE ENGADIDO.	IMPORTE ADQUISICIÓN DAS NOVAS UNIDADES. IVE ENGADIDO.	VARIACIÓN SOBRE O TOTAL DO LOTE 1.: MOBILIARIO XERAL. (%)
1	105.887,35 €	1.740,00	1,64 %
3	23.038,75 €	1.375,37	5,97 %
TOTAL PORCENTAXE MODIFICACIÓN			7,61

O motivo da modificación prevista é, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade, as necesidades que xurdan no centro, en concreto: “estando prevista a apertura do centro nas vindeiras semanas detectase agora a necesidade de subministrar unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do presente expediente”.

Os prezos que se aplicarán serán os establecidos para cada unidade, aplicando a rebaixa que ofertara o adxudicatario ao presentar a súa proposición económica. Así, conforme a proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

O antedito contrato fixa o prezo unitario de cada unha das unidades que compoñen os distintos lotes ao aplicar aos prezos unitarios reflectidos na memoria xustificativa a baixa ofertada polas empresas. As anteditas baixas son as seguintes:

LOTE	EMPRESA	IMPORTE LICITACIÓN Con IVE	IMPORTE ADXUDICACIÓN Con IVE	% BAIXA OFERTADA
1	AS MOBEL, S.A.	109.716,75 €	105.887,35 €	3,49
3	SUTEGA	28.679,75 €	23.038,75 €	19,67

Polo exposto os prezos unitarios a aplicar ás unidades solicitadas son os que se amosan na seguinte táboa:

LOTE	PRODUTO	PREZO UNITARIO					
		LICITACIÓN			ADXUDICACIÓN		
		Sen IVE (€)	IVE %	Con IVE (€)	Baixa Ofertada	Sen IVE	Con IVE
1	Colchón antiescaras	200,00	21	242,00	3,49	193,02	233,55
	Aplique de parede	60,00	21	72,60		57,91	70,07
	Porta peonil exterior	300,00	21	363,00		289,53	350,33
	Parasol	550,00	21	665,50		530,81	642,28
3	Taburete xiratorio	60,00	21	72,60	19,67	48,20	58,32
	Carro de curas	250,00	21	302,50		200,83	243,00
	Pedalier	55,00	21	66,55		44,18	53,46
	Termómetro lectura dixital	25,00	21	30,25		20,08	24,30
	Termómetro medición auga	30,00	21	36,30		24,10	29,16

A cláusula vixésimo cuarta do PCAP, referida á modificación do contrato, recolle o seguinte:

“24.1.Modificación prevista no PCAP.

Ver o disposto no Cadro Resumo.

A modificación prevista no PCAP, cumpridas as circunstancias habilitantes, tramitarase do seguinte xeito:

Incorporarase ao expediente a xustificación da necesidade por parte do responsable de cada lote e, de ser o caso, a petición do respectivo centro xestor.

Darase audiencia á adxudicataria polo prazo de dez días naturais.

Emitiranse informes polo Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, previos á correspondente resolución do órgano de contratación.

A resolución do órgano de contratación será de cumprimento obrigatorio para o contratista.

Publicarase un anuncio da modificación no perfil do contratante no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma.



Consta xustificación da necesidade pola responsable do contrato e conformidade dos respectivos adxudicatarios.”

De acordo, co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP “Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 109 da LCSP.”

Sendo necesaria, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

O PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3: “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, e que figura no cadro resumo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial”, polo que o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta pola responsable do contrato da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro. Lotes 1 e 3, entendendo que procede que, polo órgano de contratación, se adopte o seguinte acordo:

Modificar a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro. Lote 1 (mobiliario xeral) e lote 3 (equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal), adxudicados respectivamente ás empresas As Mobel

S.A. e Suministros Técnicos de Galicia S.L., para engadir unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do expediente, por un importe de:

IMPORTE NOVAS UNIDADES PARA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO EXP015SU20ABO					
LOTE	PRODUTO	Unidades	PREZO UNITARIO	TOTAL IMPORTE	
			Sen IVE (€)	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
1	Colchón antiescaras	2	193,02	386,04	467,11
	Aplique de parede	4	57,91	231,64	280,28
	Porta peonil exterior	1	289,53	289,53	350,33
	Parasol	1	530,81	530,81	642,28
	TOTAL MODIFICADO LOTE 1			1.438,02	1.740,00
3	Taburete xiratorio	1	48,20	48,20	58,32
	Carro de curas	2	200,83	401,66	486,00
	Pedalier	10	44,18	441,82	534,60
	Termómetro lectura dixital	5	20,08	100,40	121,48
	Termómetro medición auga	6	24,10	144,60	174,97
TOTAL MODIFICADO LOTE 3				1.136,68	1.375,37
TOTAL IMPORTE MODIFICACIÓN				2.574,70	3.115,37

Aprobar o devandito gasto, financiándose, segundo consta no informe da Intervención Xeral de data 24 de maio de 2021, con cargo ás aplicacións orzamentarias 2315.625 e 2315.626.

As empresas adxudicatarias deberán presentar resguardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (lote 1: 71,90 € e lote 3: 56,83 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.



En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro. Lote 1 (mobiliario xeral) e lote 3 (equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal), adxudicados respectivamente ás empresas As Mobel S.A. e Suministros Técnicos de Galicia S.L., para engadir unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do expediente, por un importe de:

IMPORTE NOVAS UNIDADES PARA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO EXP015SU20ABO					
LOTE	PRODUTO	Unidades	PREZO UNITARIO ADXUDICACIÓN	TOTAL IMPORTE	
			Sen IVE (€)	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
1	Colchón antiescaras	2	193,02	386,04	467,11
	Aplique de parede	4	57,91	231,64	280,28
	Porta peonil exterior	1	289,53	289,53	350,33
	Parasol	1	530,81	530,81	642,28
	TOTAL MODIFICADO LOTE 1			1.438,02	1.740,00
3	Taburete xiratorio	1	48,20	48,20	58,32
	Carro de curas	2	200,83	401,66	486,00
	Pedalier	10	44,18	441,82	534,60
	Termómetro lectura dixital	5	20,08	100,40	121,48
	Termómetro medición auga	6	24,10	144,60	174,97
TOTAL MODIFICADO LOTE 3			1.136,68	1.375,37	
TOTAL IMPORTE MODIFICACIÓN			2.574,70	3.115,37	

2º.- Aprobar o devandito gasto, financiándose, segundo consta no informe da Intervención Xeral de data 24 de maio de 2021, con cargo ás aplicacións orzamentarias 2315.625 e 2315.626.

3º.- As empresas adxudicatarias deberán presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (lote 1: 71,90 € e lote 3: 56,83 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 2 de xuño de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV IV7HSL36FXX7ZOOOP2ZHDKDZUMQ.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7H4SDTYF47XPZ3ZT656ZTF4I.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7HSOYPFLV3XHXP2EP4N32QKQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7H43TOJ5F7L5OP6FORAJCGEA.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7H43XSDUN6ISVDYZQAI4LWAU.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H433IBD4537E3CJOQ55SFII.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7H46X3NMZJ3RMLSP54IU2T64.



Proposta de Presidencia, con CSV: IV7H463SJEWPSWU5AIAEN5SHAI.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 18 de decembro do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7H4EIOHJJC5HZDQ7XACVZVKU.

Publicación o día Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) o día 28 de febreiro de 2021.

Publicación, o día 03 de marzo de 2021, do Anuncio de Licitación no Diario Oficial da Unión Europea

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 07 de abril do 2021, na que se recolle o seguinte:

“Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo a súa proposta, procede o exame e calificación do sobre electrónico A, documentación administrativa, cos seguintes resultados:

A empresa Agroforestal Penela S.L. formula a súa proposta, asinando cun certificado caducado. A mesa de contratación considera que a falta de sinatura atendendo a doutrina existente, é un erro que se pode enmendar, polo que se acorda por unanimidade requirir a corrección do erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin.

As empresas Desbroces y Jardinería Ancares S.L. e Jose Luis Garea Sánchez, presentan o Anexo I, incompleto, particularmente no que se refire ao apartado 11, posto que non se especifica se a empresa se atopa nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio, e, de ser o caso, se concorre á presente licitación con algunha empresa do grupo. A mesa de contratación califica o erro detectado como subsanable, acordando requirir a corrección do erro detectado no

prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando o disposto no artigo 141 da LCSP.

José Manuel Rouco Gómez presenta o Anexo I, incompleto, particularmente no que se refire ao apartado 13, relativa á obriga imposta polo artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo, de Igualdade para mulleres e homes, ás empresas que contén con máis de 250 traballadores. A mesa de contratación califica o erro detectado como enmendable, acordando requirir a subsanación do erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando o disposto no artigo 141 da LCSP.

A empresa Oficina Técnica Demontes S.L. declara confidencial o Anexo III. Intervén o Asesor do Servizo de Contratación e Fomento manifestando que, segundo a doutrina existente, é preciso que se xustifique a confidencialidade da oferta para conferirlle tal carácter, polo que nada impediría a pública apertura da mesma nos termos legalmente establecidos.

Acto seguido procédese á lectura pública dos licitadores concorrentes con indicación dos lotes para os que presentan oferta - segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público - e dos erros detectados na documentación administrativa presentada, a saber:

LICITADOR	LOTES
ACCIONA MEDIO AMBIENTE SAU	3,5,7
AGROFORESTAL PENELA S.L.	20
AGROFORESTAL CARBALLÉS CAMPOS	6,12,13
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ	9,11,17
CONTRATAS ANCAR S.L.	12,15,16
DESBROCES Y JARDINERÍA ANCARES S.L.	14,,16,23
DIEGO GARCÍA BESTEIRO	2,4,5
EULEN S.A.	23,24
EXCAVACIONES GONI S.L.	19,22
EXCAVACIONES SANTIÑOS S.L.	7,18,20
EXCAVACIONES Y DESBROCES DIEGO CASTRO S.L.	10,18,23
FORESTACIONES SARRIA S.L.	23,24
FORESTAL DE PAZOS S.L.	3,7,11
FORESTAL NASEIRO S.L.	1
FRANCISCO DIAZ FRANCO	23,24
GALAICA PARQUES Y JARDINES S.L.	2,4,17
GESPROEUME S.L.	1,3
GONZALO HUERTA ABELAIRA	2,7,8
HEBLATRI S.L.	4,8
HORACIO ARIAS ALVAREZ	10,19,22
IAGO CARBALLES FERNANDEZ	5,8,10
IDINAT OBRAS Y SERVICIOS S.L.	13,14,15
JARDINCELAS S.L.	1,3,7
JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ VÁZQUEZ	17,21
JOSÉ MANUEL ROUCO GÓMEZ	11
JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PIÑEIRA	3,6,9
JULIO DíEZ RAMOS	20



LICITADOR	LOTES
JOSÉ LUIS GAREA SÁNCHEZ	9,11,17
MAIKEL LÓPEZ LÓPEZ	13,14,16
MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL	9,17,18
OBRAS CIVILES A MONTANA S.L.	14,15,16
OFICINA TÉCNICA DEMONTES SLU	7,17,21
ROBERTO FERNÁNDEZ OTERO	24
SERVICIOS AGRÍCOLAS MOURE S.L.	9,17,18
SERVITEC MEDIOAMBIENTE S.L.	15,19,22
T.A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO	7
TRAFOPER S.L.	3,20,21
TRANSFORMACIONES AGRARIAS MONTERO Y DÍAZ S.L.L.	10,12,18
TRANSFORMACIONES AGRARIAS OS DO CAMPO S.L.	5,6,8
VAZPER 3 S.L.	10,12
XALO OBRAS E SERVICIOS S.L.	5,10,11

A continuación dáse conta aos posibles interesados dos erros detectados, comunicándolles que non se procederá á apertura pública ata que os licitadores subsanen os erros detectados ou expire o prazo concedido a tales efectos sen que se tivesen saneado os mesmos.”

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 13 de abril de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia infórmase aos membros da Mesa de Contratación de que, todas as licitadoras atenderon ao requirimento de subsanación de documentación administrativa, instado pola mesa de contratación na reunión que tivo lugar o día 07 de abril de 2021.

Visto que as empresas Agroforestal Penela S.L., Desbroces y Jardinería Ancares S.L., Jose Luis Garea Sánchez, Jose Manuel Rouco Gómez e Oficina Técnica Demontes S.L. presentaron o Anexo I debidamente cumprimentado e asinado, a mesa de contratación acorda dar por subsanados os erros detectados, admitindo as propostas de todas as empresas concorrentes e proceder á apertura en acto público dos sobres B, cos seguintes resultados:

ACCIONA MEDIO AMBIENTE SAU	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 3	131623,24	4	19/512
LOTE 5	70763,80	3	19/512
LOTE 7	99526,64	4	19/512
AGROFORESTAL PENELA S.L.	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 20	88850,37	0	1/0
AGROFORESTAL CARBALLÉS CAMPOS	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 6	106702,02	0	3/0
LOTE 12	84399,90	0	3/0
LOTE 13	94999,99	0	3/0

CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 9	100966.03	5	45/1
LOTE 11	73040.44	5	45/1
LOTE 17	109852.27	5	45/1

CONTRATAS ANCAR S.L.	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 12	82727.70	1	210/0
LOTE 15	70206.62	1	210/0
LOTE 16	105100.60	1	210/0

DESBROCES Y JARDINERÍA ANCARES S.L.	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 14	77108.03	2	5/0
LOTE 16	98167.40	2	5/0
LOTE 23	98814.05	2	5/0

DIEGO GARCÍA BESTEIRO	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 2	113363.69	1	3/0
LOTE 4	92866.29	1	3/0
LOTE 5	74704.19	1	3/0

EULEN S.A.	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 23	116172.10	1	28736/1247
LOTE 24	97184.78	3	IDEM

EXCAVACIONES GONI S.L.	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
LOTE 19	76000.57	3	18/1
LOTE 22	119486.27	3	18/1

EXCAVACIONES SANTINÓS S.L.	PREZO OFERTADO	ADSCRIPCIÓN PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS	DESEMPATE
Lote 16 Non acredita solvencia económica posto que o seguro de responsabilidade civil que incorpora ao expediente non se axusta aos requisitos esixidos nos pregos e non achega escritura da sociedade limitada.

Lote 20. A solvencia técnica non está suficientemente acreditada, posto que nos certificados de boa execución aportados non constan importes.

Lote 21: Non achega aval orixinal, incorpora no expediente fotocopia da garantía definitiva constituída mediante aval.

Lote 23: Non acredita a solvencia técnica e económica, a representación do asinante para actuar en nome da sociedade, declaración responsable de non atoparse en concurso de acreedores, declaración de adscripción de medios persoais e materiais. Constan débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e non aporta xustificante de ter constituído a garantía definitiva.

No tocante aos lotes 1,5,7,12,14 e 21, considerando que están pendentes de trámites internos a Mesa de Contratación acorda propondor a adxudicación a favor do licitador mellor clasificado para cada lote, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que, con carácter previo á adxudicación contraste que se evacuaron os trámites pendentes.

Polo que se refire aos lotes 16, 20 e 23, a mesa de contratación, califica os erros detectados como subsanables, polo que acorda:



Requirir á empresa Desbroces y Jardinería Ancares S.L para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación relativa ao lote 16:

Acreditación da solvencia económica.

Escritura de constitución da sociedade limitada, ou posteriores, na que figure obxecto social da empresa e se acredite a capacidade do asinante da proposta para actuar en nome da referida sociedade.

Requirir á empresa Agroforestal Penela S.L. par que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación relativa ao lote 20:

Acreditación da solvencia técnica suficiente para a realización do contrato.

Requirir á empresa Excavaciones y Desbroces Diego Castro S.L., para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación relativa ao lote 23:

Acreditación da solvencia técnica e económica.

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

Documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado). Non será preciso dito bastanteo cando asine a proposición quen teñan a condición de administrador único ou solidario.

Declaración de que a entidade non se atopa en concurso de acreedores.

Acreditación de pagamento de débedas en período executivo coa administración contratante.

Resgardo acreditativo da constitución da garantía definitiva.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato.

Acordo de Xunta de Goberno de data 28 de maio de 2021, polo que se adjudican os lotes e adjudicatarios e nos importes que se indican:

LOTE	LICITADOR	IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUIDO TOTAL (2 ANUALIDADES):	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022	ADSCRIPCIÓN MAIORES DE 50 ANOS
1 Vicedo, Viveiro, Xove e Ourlo	GESPROEUME S.L.	120.931,42 €	60.465,71 €	60.465,71 €	1
2 Burela, Cervo, Foz, Valadouro e Alfoz	GALAICA PARQUES Y JARDINES S.L.	107.161,81 €	53.580,91 €	53.580,90 €	2
3 Muras, Xermade e Vilalba	JARDINCELAS S.L.	118.921,95 €	59.460,98 €	59.460,97 €	2
4 Barreiros, Ribadeo, Trabada e Lourenzá	DIEGO GARCÍA BESTEIRO	92.866,29 €	46.433,15 €	46.433,14 €	1
6 Pontenova, Riotorto e Pastoriza	JOSE MARIA VÁZQUEZ PIÑEIRA	106.693,99 €	53.347,00 €	53.346,99 €	1
7 Cospeito, Rábade, Outeiro de Rei, Guitiriz e Begonte	ACCIONA MEDIO AMBIENTE S.A.U.	99.526,64 €	49.763,32 €	49.763,32 €	4
8 Castro de Rei, Pol e Meira	GONZALO HUERTA ABELAIRA	93.086,01 €	46.543,01 €	46.543,00 €	1
9 Lugo e Guntín	SERVICIOS AGRÍCOLAS MOURE S.L.	81.151,64 €	40.575,82 €	40.575,82 €	2
10 Castroverde e Corgo	VAZPER 3 S.L.	85.721,42 €	42.860,71 €	42.860,71 €	3
11 Friol	XALO OBRAS E SERVICIOS S.L.	62.693,88 €	31.346,94 €	31.346,94 €	2
13 Ribeira de Piquín e Fonsagrada	IDINAT OBRAS Y SERVICIOS S.L.	99.375,50 €	49.687,75 €	49.687,75 €	2
14 Negueira de Muñiz e Navia de Suarna	MAIKEL LOPEZ LOPEZ	71.512,69 €	35.756,35 €	35.756,34 €	0
15 Becerreá e As Nogais	CONTRATAS ANCAR S.L.	70.206,62 €	35.103,31 €	35.103,31 €	1
17 Antas de Ulla, Monterroso, Portomarín e Palas de Rei	JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ VÁZQUEZ	96.120,95 €	48.060,48 €	48.060,47 €	1
18 Páramo, Paradelá e Sarria	TRANSFERENCIAS AGRARIAS MONTERO Y DIAZ S.L.L.	84.117,41 €	42.058,71 €	42.058,70 €	0
19 Incio, Triacastela e Samos	EXCAVACIONES GONI S.L.	76.000,57 €	38.000,29 €	38.000,28 €	3
21 Chantada e Carballedo	TRAFOPER S.L.	89.281,59 €	44.640,80 €	44.640,79 €	3
22 Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil	HORACIO ARIAS ALVAREZ	91.232,43 €	45.616,22 €	45.616,21 €	0
24 Pantón e Sober	EULEN S.A.	97.184,78 €	48.592,39 €	48.592,39 €	3
TOTAL		1.743.787,59	871.893,85	871.893,74	

Consta no expediente requirimentos de documentación administrativa cursados a través da plataforma de contratación do sector público o día 27 e 28 de maio de 2021.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación do artigo 150 da LCSP dos lotes 5,12,16,20 e 23, cos seguintes resultados:

Lote 5: Iago Carballés Fernández, non acredita estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, presentando no prazo concedido a tales efectos escrito no que se recolle que non lle resulta posible aportar o certificado no prazo estipulado pola Deputación de Lugo, por estar o seu expediente en trámite por parte dos órganos de recadación da Axencia Tributaria. Consultado por



parte do Servizo de Contratación á Axencia Tributaria non se puido acreditar que o licitador se atope ao corrente coas súas obrigas tributarias, constatándose por dito servizo que o licitador ten pendente débedas coa Seguridade Social, polo que a Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación requirir á seguinte empresa mellor clasificada a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

Lote 12: Agroforestal Carballés Campos S.L. non acredita estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, presentando no prazo concedido a tales efectos escrito no que se recolle que non lle resulta posible aportar o certificado no prazo estipulado pola Deputación de Lugo, por estar o seu expediente en trámite por parte dos órganos de recadación da Axencia Tributaria. Consultado por parte do Servizo de Contratación á Axencia Tributaria non se puido acreditar que o licitador se atope ao corrente coas súas obrigas tributarias, constatándose por dito servizo que o licitador ten pendente débedas coa Seguridade Social, polo que a Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación requirir á seguinte empresa mellor clasificada a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

Lote 16. A empresa Desbroces Y Jardinería Ancares S.L. subsana en tempo e forma os erros detectados na documentación administrativa.

Lote 20. A empresa Agroforestal Penela S.L. subsana en tempo e forma os erros detectados na documentación administrativa.

Lote 23. Excavaciones y Desbroces Diego Castro S.L. subsana en tempo e forma os erros detectados na documentación administrativa. Achega acreditación de ter depositado a garantía definitiva en metálico, atopándose ésta pendente da súa formalización. Considerando que se trata dun trámite interno, a mesa de contratación acorda facultar ao Servizo de Contratación e Fomento para que, con carácter previo á adxudicación contraste que se evacuou o trámite pendente.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, a mesa de contratación acorda o seguinte:

Propoñer ao Ilmo. Sr. Presidente que adopte a seguinte Resolución:

Requirir ás empresas que se relacionan acto seguido para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten – para o lote correspondente - a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con

anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LOTE	LICITADOR	GARANTÍA
5: Mondoñedo e Abadín	TRANSFORMACIONES AGRARIAS OS DO CAMPO S.L.	3.710,28 €
12: Baleira, Baralla e Láncara	VAZPER 3 S.L.	4.282,56 €

Proceder á devolución ao licitadores Iago Carballés Fernández e Agroforestal Carballés S.L. 2.729,35 € e 3.487,60 €, depositados na Tesourería da Deputación Provincial de Lugo en concepto de garantía definitiva.

Propoñer que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución do servizo para o desbroce de maleza en estradas provinciais, expediente administrativo, segundo os lotes e adxudicatarios e nos importes que se indican:

LOTE	LICITADOR	IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUÍDO TOTAL (2 ANUALIDADES):	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022	ADSCRIPCIÓN MAIORES DE 50 ANOS
16 CERVANTES E PEDRAFITA DO CEBREIRO	DESBROCES Y JARDINERÍA ANCARES S.L.	98.167,40	49.083,70	49.083,70	2
20 TABOADA E O SAVIÑO	AGROFORESTAL PENELA S.L.	88.850,37	44.425,19	44.425,18	0
23 BÓVEDA, POBRA DO BROLLÓN E MONFORTE	EXCAVACIONES Y DESBROCES DIEGO CASTRO S.L.	110.262,02	55.131,01	55.131,01	0

Contra os presentes acordos, por tratarse de actos de trámite contemplados no artigo 44.2 da LCSP, cabe a interposición, por parte dos interesados de Recurso Especial en Materia de Contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.”



O día 03 de xuño, a Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, acordou requirir ás empresas Transformaciones Agrarias Os do Campo S.L e Vazper 3 S.L., para os lotes 5 e 12 respectivamente, a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución do servizo para o desbroce de maleza en estradas provinciais, expediente administrativo , segundo os lotes e adxudicatarios e nos importes que se indican:

LOTE	LICITADOR	IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUIDO TOTAL (2 ANUALIDADES):	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022	ADSCRIPCIÓN MAIORES DE 50 ANOS
16 CERVANTES E PEDRAFITA DO CEBREIRO	DESBROCES Y JARDINERÍA ANCARES S.L.	98.167,40	49.083,70	49.083,70	2
20 TABOADA E O SAVIÑO	AGROFORESTAL PENELA S.L.	88.850,37	44.425,19	44.425,18	0
23 BÓVEDA, POBRA DO BROLLÓN E MONFORTE	EXCAVACIONES Y DESBROCES DIEGO CASTRO S.L.	110.262,02	55.131,01	55.131,01	0
TOTAL		297.279,79	148.639,90	148.639,89	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade total de 148.639,89 €, desglosado no cadro precedente.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROXECTO E CONTRATACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar-Reinante-glorieta As Catedrais”, P.K. 1+400 a 3+241.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar-Reinante-glorieta As Catedrais”, P.K. 1+400 a 3+241, consta no mesmo:

Proxecto da obra BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar-Reinante-glorieta As Catedrais”, P.K. 1+400 a 3+241, con CSV: IV7EXXA2GFFNTXE24QOMKZDOCQ.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EXXADBD73LHOT4V5QCF3OCQ.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7EXXA2JIZLYXUSAZNXJYCD4Q.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7EXXAYN465T2FTVX4UB5SBOI.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EQWIZHTRK7OPL6NUBJZ2AIA.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EQDL53XRZRS7YDV5HAUKDB4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EQDLT34FKTXO55UIGHZZVAA.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar-Reinante-glorieta As Catedrais”, P.K. 1+400 a 3+241, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de cordó cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 132.927,18 €, dos cales 23.070,01 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2020.

Escrito do Concello de Foz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 95-96-97-101 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Foz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (95-96-97-101) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.



Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adjudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación Cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adjudicación.

O Concello de Foz presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FOZ	95	CONSTRUCCIÓN RAMPA DE ACCESO CENTRO DE ANCIÁNS, INCLUÍDO HONORARIOS	2315.76201	5.107,16 €
	96	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MOURENTE (SAN MARTIÑO), FAZOURO, CANGAS, CARPACIDE-NOIS E PETRIL NA PONTE DE TRANSMONTE	1531.76201	9.736,10 €
	97	MELLORA DE ACCESOS E SEGURIDADE VIAL NO NÚCLEO URBANO DE FOZ	1532.76201	16.839,93 €
	101	CONSTRUCCIÓN REDE PLUVIAIS NA RÚA TORQUES DO CASTRO	1600.76201	16.500,00 €

Por escrito de data 28/05/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
FOZ	REM	LIQUIDACIÓN CONSTRUCCIÓN RAMPA DE ACCESO A CENTRO DE ANCIÁNS	2315.76201	--	3.688,92€	3.688,92€
FOZ	REM	COLOCACIÓN DE BANCOS NA RAMPA DE ACCESO AO CENTRO DE ANCIANS DE FOZ	2315.76201	--	1.418,24€	1.418,24€
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO DA CADRA	1531.76201	--	9.736,10€	9.736,10€
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO RÚA CAMIÑO PRADO VELLO	1532.76201	--	7.492,31€	7.492,31€
FOZ	REM	LIQUIDACIÓN MELLORA DE ACCESOS E SEGURIDADE VIAL NO NÚCLEO URBANO DE FOZ	1532.76201	--	9.347,61€	9.347,61€
FOZ	REM	SEPARATIVA DE PLUVIAIS ZONA A RIVEIRA	1600.76201	--	16.500,00€	16.500,00€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Foz, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Foz e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
FOZ	REM	LIQUIDACIÓN CONSTRUCCIÓN RAMPA DE ACCESO A CENTRO DE ANCIÁNS	2315.76201	--	3.688,92€	3.688,92€
FOZ	REM	COLOCACIÓN DE BANCOS NA RAMPA DE ACCESO AO CENTRO DE ANCIANS DE FOZ	2315.76201	--	1.418,24€	1.418,24€
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO DA CADRA	1531.76201	--	9.736,10€	9.736,10€
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO RÚA CAMIÑO PRADO VELLO	1532.76201	--	7.492,31€	7.492,31€
FOZ	REM	LIQUIDACIÓN MELLORA DE ACCESOS E SEGURIDADE VIAL NO NÚCLEO URBANO DE FOZ	1532.76201	--	9.347,61€	9.347,61€
FOZ	REM	SEPARATIVA DE PLUVIAIS ZONA A RIVEIRA	1600.76201	--	16.500,00€	16.500,00€



2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE PERDIDA DE DEREITO AO COBRO DA AXUDA PARA FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA “XIX FESTA DA TENREIRA GALEGA 2017” CONTEMPLADA NO PLAN ÚNICO DA ANUALIDADE DO 2017 E DE REINTEGRO POLO IMPORTE ABOADO EN CONCEPTO DE ANTICIPO, MÁIS OS XUROS DE MORA CORRESPONDENTES, AO CONCELLO DE LÁNCARA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Resolución do procedemento de perda do dereito ao cobro da axuda e consecuentemente do procedemento de reintegro da cantidade recibida en concepto de anticipo máis os xuros de mora correspondentes que trae causa do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos para sufragar os gastos derivados da execución da actuación de “XIX Festa da Tenreira Galega”, dentro do programa de celebración de “Eventos turísticos, Feiras e Mercados e Outros”, na anualidade 2017.

Vistas as actuacións que integran o expediente de referencia (2021/PES_03/004566), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2017, acordou, entre outros asuntos, a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo en sesión extraordinaria celebrada en data 16 de xuño de 2017, adoptou por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo:

“(…) 4º.- Aprobar o Plan Provincial único de Cooperación cos concellos 2017, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resulta os seguintes importes globais por programas:

PROGRAMA	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)
(…)		
5.- Eventos turísticos, feiras, mercados e outros	329.607,92 €	275.364,79 €
(…)		

(…)”.

Máis concretamente, e no relativo ao programa de Eventos turísticos, feiras, mercados e outros do Concello de Láncara, o Plan Único de Cooperación cos Concellos aprobado, recolle:

“Importes Plan Único 2017

E. Programa eventos turísticos, feiras, mercados e outros

CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL	CUSTE ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
(…)				
LÁNCARA	3.000,00	0,00	3.000,00	XIX FESTA DA TENREIRA GALEGA 2017
(…)				

(…)”.



Pola Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, en data 29 de agosto de 2017, resolveuse:

“Que se lles aboe aos Concellos indicados o anticipo outorgado, con dispensa da garantía, de acordo co previsto no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017:

CONCELLO	IMPORTE ANTICIPO OUTORGADO
(...)	
Láncara	220.560,98 €
(...)	

(...)”

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 16 de abril de 2021, acordou prestar aprobación a seguinte proposta:

“Primeiro: Declarar decaído, ao representante do Concello de Láncara, no tramite de emenda de documentación.

Segundo: Acordar o inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da citada axuda e iniciar o procedemento de reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo máis os xuros de mora a contar dende a data de pago do anticipo ata a data do ingreso voluntario do mesmo ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

Terceiro: Acordar a apertura do Tramite de Audiencia para que, no prazo de quince día hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, o representante do Concello de Láncara poida alegar e presentar os documentos que estime pertinentes.

Cuarto: No suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante do Concello porase en contacto coa Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora tendo en conta a data de pago do anticipo e a data na que se vaia facer efectivo o ingreso.

O ingreso da cantidade percibida en concepto de anticipo, máis os intereses de mora correspondentes, farase efectivo na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 100xxxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2021/PES_03/004566”

O representante do Concello de Láncara presentou escrito de alegacións dentro do prazo do trámite de audiencia outorgado na notificación do citado acordo.

Aos antecedentes expostos son de aplicacións os seguintes,

Fundamentos xurídico-administrativos

Respecto as alegacións formuladas polo representante do Concello de Láncara as mesmas desestímense en base ao seguinte:

O representante do Concello de Láncara achegou, o 15 de marzo de 2018, a conta xustificativa dos gastos derivados da execución da actuación da “XIX Festa da Tenreira Galega”, encadrada dentro do programa de celebración de “Eventos turísticos, Feiras e Mercados e Outros”, do Provincial Único de Cooperación cos Concellos da anualidade 2017-.

Dende a Sección de Fomento do servizo de Contratación e Fomento tras detectarse que no díptico/cartel da “XIX Festa da Tenreira Galega”, constaban os logos de diversas entidades, solicitouse ao Concello de Láncara aclaración ao respecto xa que na declaración de financiamento remitida non constaban outras fontes de financiamento nin patrocinios.

O representante do Concello de Láncara achegou, o 17 de outubro de 2018, unha declaración na que se recolle que, para a actuación subvencionadas, recibiu as seguintes axudas e patrocinios:

De Caixa Rural Galega, para entrega de premios.

De Queserías Sarrianas, para degustación de produtos.

De Ternera Gallega, para degustación de carne.

De Acruga, para exhibición de reses na feira.

Tendo en conta que na citada declaración non se especificaba se os devanditos premios tiñan carácter económico e que no cartel da “XIX Festa da Tenreira Galega”, figuraba expresamente que “Todo o gando que participe (máximo 10 pezas por concursante) terá un premio



de 35 euros por cabeza a parte dos premios do concurso” dende a Sección de Fomento do servizo de Contratación e Fomento solicitouse novamente ao Concello de Láncara aclaración ao respecto .

O representante do Concello de Láncara achegou, o 28 de decembro de 2018, unha declaración na que literalmente se estable que “(...) para os efectos de xustificación do Programa de actividades culturais e deportivas, de eventos turísticos, feiras, mercados e outros, do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017 declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade: Que a achega que realiza Caixa Rural Galega ten contido económico”

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento constatada a existencia de erros emendables e contradicións na documentación aportada requiriuse ao alcalde do Concello de Láncara, con base no artigo 73.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das AAPP, para que no prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á recepción do requirimento (que tivo lugar o 4 de marzo de 2021), achegase a certificación expedida polo Interventor ou Secretario do Concello ao respecto do custe total da actividade indicando os importes do financiamento (incluído o importe da achega económica de Caixa Rural Galega), acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas, e advertíndolle que, de non dar adecuada resposta á devandita solicitude, declararase decaído no seu dereito ao citado trámite e iniciárase o procedemento de declaración de perda do dereito ao cobro da axuda e consecuentemente o do reintegro da cantidade percibida en concepto de anticipo polo Concello de Láncara (concretamente, para a XIX Festa da Tenreira Galega 2017) xunto cos xuros de mora correspondentes sen prexuízo das demais responsabilidades que puideran derivarse do incumprimento.

O representante do concello de Láncara remitiu, o 12 de marzo de 2021 -nº de rexistro 2021-S-RC-140- que da orixe ao expediente 2021/PES_03/004566, documentación xustificativa en contestación ao requirimento efectuado o 4 de marzo de 2021.

Dita documentación xustificativa está incompleta xa que non se indican os importes do financiamento (incluído o importe da achega económica de Caixa Rural Galega).

Indicar ao respecto que o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente o en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada, motivo polo cal solicitouse aclaración respecto ao importe da achega económica realizada por Caixa Rural Galega.

Tendo en conta que a documentación xustificativa aportada, tras diversos requirimentos de emenda de documentación, polo representante do Concello de Láncara está incompleta e que dito suposto é causa de reintegro segundo o establecido no artigo 37.1.c) da Lei Xeral de Subvencións (LXS), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informouse que por parte da Xunta de Goberno se declarase decaído no seu dereito ao tramite correspondente -de emenda de documentación- (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se iniciase o procedemento de perda de dereito ao cobro da axuda, e consecuentemente o procedemento de reintegro (artigos 41 e 42.2 da LXS e artigos 94 e 95 do RLXS) da cantidade percibida en concepto de anticipo xunto cos xuros de mora correspondentes ao Concello de Láncara.

Asi mesmo determinase que non procede a admisión de nova documentación xustificativa remitida dende o Concello de Láncara dado que no punto primeiro do acordo da Xunta de Goberno de data 16 de abril de 2021 non que literalmente se establece o seguinte:“Declarar decaído, ao representante do Concello de Láncara, no tramite de emenda de documentación.”

O reintegro de contías percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, procede no suposto de “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos términos establecidos no artigo 30 da LXS, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención”. (artigo 37.1.c LXS)

Os xuros de mora esixibles do obrigado ao reintegro deben calcularse, segundo establece o artigo 37.1 da LXS, dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, é dicir, neste suposto dende o día 4 de setembro de 2017 (data na que se abonou ao Concello de Láncara a contía de 2.400,00 € en concepto de anticipo contemplado no



Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos para sufragar os gastos derivados da execución da actuación de “XIX Festa da Tenreira Galega”, dentro do programa de celebración de “Eventos turísticos, Feiras e Mercados e Outros”, na anualidade 2017) ata o 4 de xuño de 2021 (data na que se elevará á Xunta de Goberno a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobro da axuda e de reintegro da contía percibida en concepto de anticipo máis os xuros de mora correspondentes), sendo o tipo aplicable o interese legal do diñeiro incrementado nun 25%, salvo que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado estableza outro diferente.

A tal efecto, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento solicitouse a Tesouraría informe relativo ao importe dos xuros de mora da cantidade a reintegrar - 2.400,00 €-dende a data de pago do anticipo da subvención (o 4 de setembro de 2017) ata o 4 de xuño de 2021 (data na que se elevará á Xunta de Goberno a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobro da axuda e de reintegro da contía percibida en concepto de anticipo máis os xuros de mora correspondentes).

Dende a Tesouraría da Deputación emitiuse, o 2 de xuño de 2021 o seguinte informe relativo ao calculo dos xuros de mora:

TESOURARÍA CÁLCULO DE XUROS DE MORA PLAN ÚNICO -
ENTIDADE: CONCELLO DE LÁNCARA -
REINTEGRO ACHEGA PLAN ÚNICO 2017 -
SUBVENCION CONCEDIDA: 3.000,00 EUROS -
1º PAGAMENTO: 2.400,00 O DÍA 04/09/2017 -
CANTIDADE A REINTEGRAR: 2.400,00 EUROS -
DATA DE REINTEGRO: 04/06/2021

DENDE	ATA	DÍAS %	CAP.ACUM.	XUROS	TOTAL
04/09/2017	31/12/2017	119	2.400,00	3,75	29,34
01/01/2018	31/12/2018	365	2.400,00	3,75	90,00
01/01/2019	31/12/2019	365	2.400,00	3,75	90,00
01/01/2020	31/12/2020	366	2.400,00	3,75	90,00
01/01/2021	04/06/2021	155	2.400,00	3,75	38,22
				TOTAL XUROS	337,56

Por todo o exposto informase favorablemente que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Desestimar as alegacións presentadas polo representante do Concello de Láncara.

Que o representante do Concello de Láncara, como consecuencia do “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e nas normas reguladoras da subvención”. (artigo 37.1.c LXS) debe reintegrar á Deputación de Lugo a contía de 2.400,00 € (correspondente ao importe da axuda aboado en concepto de anticipo) máis o importe de 337,56 € en concepto de xuros de mora.

Que o pago da cantidade total adeudada (2.737,56 €) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP.2021/PES_03/004566” nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria”.

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas polo representante do Concello de Láncara.

2º.- Que o representante do Concello de Láncara, como consecuencia do “incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e nas normas reguladoras da subvención”. (artigo 37.1.c LXS) debe reintegrar á Deputación de Lugo a contía de 2.400,00 €(correspondente ao importe da axuda aboado en concepto de anticipo) máis o importe de 337,56 € en concepto de xuros de mora.



3º.- Que o pago da cantidade total adeudada (2.737,56 €) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP.2021/PES_03/004566” nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Aprobación, se procede, da addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para execución dos fins comúns consistentes na celebración do “Promoción do turismo: mellora do entorno”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto a solicitude de ampliar e modificar as actuacións, ampliación do prazo de realización e do prazo de xustificación contemplado no convenio interadministrativo de

cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, para a execución dos fins comúns consistentes na celebración da “Promoción do turismo: mellora do entorno”.

Visto o convenio interadministrativo asinado entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro indicado, por importe 26.315,76 €, aprobado por Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2020 e, formalizado en documento administrativo de data 30 de decembro de 2020.

Visto o informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, favorable ao texto da addenda e a conformidade do Servizo de Intervención.

A deputada que subscribe, propón se procede, que se adopten os seguintes acordo por parte da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial:

1º.-Aprobar a Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración da “Promoción do turismo: mellora do entorno”, achegada á presente proposta, polo que modifica o obxecto do convenio que pasa da adquisición de bancos, mesas, papeleiras, aparca – bicicletas e sinais que se situarán no casco histórico de Viveiro, no paseo marítimo e nas beiras de autovías A6 e A8 (no caso das sinais) a adquisición de bancos, mesas, papeleiras, aparca-bicicletas e sinais que se situarán no casco histórico de Viveiro e no paseo marítimo, así como a reposición renovación e mellora das sinalizacións nos accesos a Viveiro de lugares de interese no concello coma poden ser: centro histórico, Monte San Roque aparcadoiro municipal, área de autocaravanas, área etnográfica da Insua; porto deportivo, Oficina de turismo; Xulgados, Igrexas, rutas de sendeirismo, ademais da sinalización elaboración e colocación dunha placa de bronce no “Grupo de Vivendas veciños do Chao”, ademais de modificar o prazo de execución da actuación ata o 30 de xullo do 2021 e de modificar o prazo de xustificación ata o 30 de setembro do 2021.

2º.- As demais cláusulas do convenio de colaboración, subscrito con data 30 de decembro do 2020, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Que o artigo 44.2 da Constitución establece que os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.

Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos Campus de Santiago e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus Estatutos e o marco de lexislación vixente.

De acordo co artigo 146 dos seus Estatutos, a USC establecerá e manterá servizos básicos de apoio á docencia e á investigación e servizos de apoio e asistencia á comunidade universitaria, no marco dos artigos 39 e seguintes da Lei orgánica 6/2001, de 11 de decembro, de universidades; en concreto respecto da investigación e transferencia de coñecementos a sociedade, como un dos seus obxectivos esenciais.

Que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas

polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Que a Deputación Provincial de Lugo, no seu papel de organismo prestador de servizos públicos de carácter supramunicipal, así como na súa condición de institución próxima á cidadanía promove o desenvolvemento de actividades que teñen por finalidade o fomento da formación da cidadanía, dos investigadores, do persoal formador e de todas aquelas persoas que podan contribuír a potenciar a riqueza que a cultura aporta á sociedade, tendo en conta a repercusión que ten na nosa economía ao afectar directamente aos factores de produción, tanto no que se refire aos recursos humanos, como á mellora e innovación dos medios de produción. Polo tanto, a Deputación está interesada en formalizar unha relación de cooperación e colaboración interinstitucional coa finalidade de contribuír á promoción e apoio da docencia, a investigación, a difusión da cultura, a promoción da economía do coñecemento con aproveitamento das sinerxías nos distintos sectores económicos e sociais da provincia.

Entre os principios xerais que rexen as actuacións das administracións públicas, o art. 3.1, letra K, da Lei 40/2015, do 01 de outubro, cita a cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións públicas. A estes efectos a USC, conceptúase segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como institución pública vinculada a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os artigos 143 e 144 ocúpase das técnicas de cooperación, e, particularmente este último dos que se formalizan mediante convenio e consisten na prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións.

A propia Lei 14/2011, do 1 de xuño de Ciencia, tecnoloxía e innovación alude no artigo 34 aos “convenios de colaboración” entre axentes públicos para realizar actividades de investigación científica e técnica para a realización conxunta de actividades, entre outras, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación, formación de persoal científico e técnico, divulgación científica e tecnolóxica, uso compartido de inmobles, instalacións medios materiais, etc



Considerando que as partes asinantes conveñen unha serie de actuacións recollidas no convenio que se achega a este informe por importe de 420.500€ , sendo os obxectivos a lograr os seguintes:

Garantir un ensino de calidade para os estudantes universitarios do campus de Lugo mediante o apoio ás prácticas e á ensinanza especializada.

Plans de mellora e rehabilitación das infraestruturas universitarias tanto docentes como investigadoras e de extensión universitaria.

Accións de captación do campus de Lugo coma espazo de coñecemento e innovación.

Consolidación das estruturas científicas e de transferencia de coñecemento.

Apoio á divulgación das ciencias, captación de talento investigador e actividades de extensión universitaria e intercambio científico (conferencias, seminarios, congresos...).

Impulso da docencia dixital.

Tendo en conta que as principais actuacións encadradas no ámbito do convenio, xunto coas partidas orzamentarios e contías económicas, recóllense no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS	DESCRIPCIÓN	CUSTE ESTIMADO DEPUTACIÓN P.O :3261.48900	CUSTE ESTIMADO USC
1. Mellora da calidade docente.	Desprazamentos e material funxible para prácticas	160.000,00 €	
	Custes salariais de xestor para la Granxa de Castro. Material funxible para actividades na granxa.		
	Custes salariais de persoal de dixitalización e medios audiovisuais		
	Campaña de promoción, Xuvenciencia e programa D3 Mobile		
2. Plan de Mellora e rehabilitación das infraestruturas universitarias	Neste apartado contéplanse a realización dos estudos e proxectos necesarios para a mellora de estruturas do Campus de Lugo (Informes, estudos, redacción de proxectos , gastos de tramitación ...)	110.500,00€	50.000, 00€
3. Lugo espazo de coñecemento e innovación. Desenvolvemento Rural .	Actividades de investigación, transferencia e desenvolvemento rural (Ibader, Estación do Courel, actividades de Micoturismo, actividades de investigación sobre árnica,...)	100.000,00€	
	Cursos de verán		
	Conferencias, cursos e congresos. Actividades de Divulgaterria.		
	TOTAL ACHEGA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO: 370.500,00€	370.500,00€	
	TOTAL ACHEGA DA USC: 50.000,00€		50.000,00 €
	TOTAL CONVENIO	420.500,00€	

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo para a anualidade 2021, entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela por importe de 420.500€, dos cales 370.500€ se financiaran con cargo a Deputación de Lugo e 50.000€ con cargo a USC.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica por parte da Deputación, para o financiamento da actuación contemplada no convenio, que ascende a contía máxima de 370.500€ con cargo aplicación 3261.48900.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Alfoz para a execución de fins comúns consistentes en: Construcción de nave almacén de maquinaria, incluído honorarios).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Alfoz, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Construcción de nave almacén de maquinaria, incluído honorarios que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 25/09/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Construcción de nave almacén de maquinaria, incluído honorarios



En data 02/10/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ao obxecto:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
CONSTRUCCIÓN DE NAVE ALMACÉN DE MAQUINARIA, INCLUÍDO HONORARIOS.	115.307,30€	4.435,00€
TOTAL		119.742,30€

E na cláusula terceira, relativa ás obrigas e compromisos das partes, concretamente no relativo ás obrigas da Deputación:

“... en caso de producirse baixas na licitación, previa solicitude do Concello, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento que deberá ser coa mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas, ou reducir o financiamento comprometido pola Deputación Provincial.

(...)”

D. Jorge Val Díaz, Alcalde do Concello de Alfoz achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 31/05/2021, a través do que solicita a aplicación do remanente obtido na licitación do proxecto de “Construcción de nave almacén de maquinaria, incluído honorarios”, por importe de 20.146,50 euros para a execución do “Obras complementarias a construción de almacén de maquinaria municipal, incluído honorarios”... e para diminución da achega municipal”.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública



e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)"

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.



Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Alfoz é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local;

(...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Alfoz, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.



A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O concello de Alfoz, unha vez entregada a obra, será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2021 e 31/01/2022 respectivamente, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que se inclúa, en dito convenio, a actuación de “Obras complementarias a construción de almacén de maquinaria municipal, incluído honorarios”, cun orzamento de 18.643,21€, con cargo aos remanentes producidos na actuación inicialmente incluída no convenio, e a minoración da achega municipal en 1.503,29€.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse:



Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Alfoz coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Construcción de nave almacén de maquinaria, incluído honorarios de tal xeito que a se inclúa, a petición do Concello, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación da devandita actuación, a denominada “Obras complementarias a construción de almacén de maquinaria municipal, incluído honorarios”, cun orzamento de 18.643,21€, con cargo aos remanentes producidos na actuación inicialmente incluída no convenio, e a minoración da achega municipal en 1.503,29€.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NAS PROPOSTAS PARA A ADOPCIÓN DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE MAIO DE 2021, RELATIVO A VALIDACIÓN DE GASTOS DE DISTINTAS FACTURAS.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Advertido erro no informe- proposta de validación do gasto do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido por importe de 15.350€, celebrada o día 21/05/2021, polo que non se informa do nome da empresa á que fai referencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda rectificar o citado erro no seguinte sentido:

Onde di: “O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, a cal foi conformada polo representante do Servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

FAV-20100-005244

Importe bruto: 15.350€
Total importe bruto antes de impuestos: 15.350€
Total impostos repercutidos: 3.223,50€
Total: 18.573,50€

Debe dicir: “O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, a cal foi conformada polo representante do Servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Empresa: Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.
FAV-20100-005244
Importe bruto: 15.350€
Total importe bruto antes de impuestos: 15.350€
Total impostos repercutidos: 3.223,50€
Total: 18.573,50€

E onde di: “Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e proponendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 18.573,50€.

Total: 18.573,50€”

Debe dicir: “Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e proponendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 18.573,50€.

Empresa: Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.
Total: 18.573,50€”

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO E DO MODELO DE ANEXO DE PREMIOS COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL. ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:



“Visto que dentro das actuacións de fomento e promoción do deporte, a Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica impulsa unha iniciativa de premios a equipos participantes na denominada “Copa Deputación” de fútbol, competición considerada de carácter oficial, dado que está organizada pola Federación Galega de Fútbol.

Visto que han de terse en conta as circunstancias derivadas da pandemia de Covid 19 e as consecuencias derivadas da súa extensión en todas as actividades deportivas no ano 2020 e no que vai do ano 2021, e obviamente no desenvolvemento da propia competición da Copa Deputación de fútbol.

Visto que para a asignación dos respectivos premios deberán terse os criterios establecidos pola FGF na bases que se incorporan ao expediente respecto da participación, eliminatorias e resultados que se tivesen producido na competición da respectiva temporada, de acordo ás citadas bases e á documentación acreditativa e oficial que formule a Federación.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o Informe favorable do servizo de Contratación e Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases de participación da Copa Deputación de Fútbol de aplicación a premios da anualidade 2021.

2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 70.000,00 (setenta mil euros).

3º.- Aprobar o modelo de anexo de participación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BENEFICIARIO DAS AXUDAS PARA A MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JÓVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 26.06.2020 aprobábase en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” , e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30.06.2020 no BOP número 148.

Considerando que a situación vivida nos últimos meses ocasionada polo Covid 19, imposibilitou cubrir o número total de prazas ofertadas na primeira convocatoria das medidas 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural” dentro do programa Prende! Bota Raíces no Rural, se a isto sumamos as renuncias presentadas por parte das empresas beneficiarias froito dos peches obrigatorios, redución de horarios... quedaron dispoñibles 18 bolsas na primeira das medidas e 2 na segunda. Polo que para aproveitar o máximo o impacto positivo que xera o programa na economía, con data 27.04.2021 publícase, no BOP número 094 e na Base Nacional de Subvención (BDSN), a aprobación da nova convocatoria das medidas 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e a medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, cun período de solicitude ininterrompido que abrangue dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no BOP, previa publicación na Base Nacional de Subvencións e ata o 30.09.2021 ou ben ata que se esgote as bolsas de axuda ofertadas por cada unha das Medidas.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos da medida, son os seguintes:

“(…)



Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(...)”

Considerando que atendendo ó artigo 4 das bases, a contía máxima de subvención que poderían recibir cada un dos beneficiarios/as será a seguinte:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, 5.700,00 € no caso de manter a contratación do traballador asignado durante 12 meses.

Considerando que para poder optar a ser beneficiario deste programa, tal e como se recolle nos artigos 1 e 3 das bases, é necesario cumprir cos seguintes requisitos:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, persoas físicas ou xurídicas:

Cuxos centros de traballo se atope nalgún concello dos recollidos no Anexo I.

Desenvolvan unha actividade relacionada coa hostalaría e o turismo, a enerxía e a auga, a agricultura e a gandería ou o medio ambiente

Que non estean incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerando que segundo se recolle no artigo 6 das bases que rexen esta subvención, e atendendo ao novo prazo establecido na convocatoria publicada con data 27.04.2021 no BOP número 094, no momento da tramitación da solicitude é preciso entregar a seguinte documentación:

“(…)

6.2.1 Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” Prende! Bota Raíces

Solicitud de adhesión (Modelo de Solicitud) da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”, asinada.

CIF ou DNI.

Estatutos para o caso de ser persoa xurídica ou Alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores para o caso de que o solicitante sexa persoa física (Modelo 036 ou 037).

Anexo II – Declaración responsable asinada.

Anexo III – Declaración doutras axudas de mínimos percibidas.

Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación pola Deputación Provincial de Lugo.

Considerando que en relación o procedemento de Selección dos beneficiarios de acordo ao artigo 7 das bases, este é un procedemento de concorrencia non competitiva, sen que se produza a comparación de solicitudes, onde o órgano instructor dos expedientes será o Deputado da Área de Promoción Económica e Social, sendo avaliados e informados por unha comisión de valoración composta por tres empregado públicos da Deputación de Lugo, (nomeados por resolución de presidencia) respectando en todo caso para o seu funcionamento o establecido no artigo 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que si o orzamento non e suficiente para conceder todas as axudas aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación, para o caso de coincidencia na data de presentación será a hora a que determine a prelación dos beneficiarios.

Considerando que comprobada a documentación e o cumprimento dos requisitos do Programa por parte do organo xestor das solicitudes presentadas da Medida 8.2.4.2 dentro do Programa Prende! bota raíces no rural, con data 31.05.2021, reúnese a Comisión de Valoración emitindo informe proponendo as listaxes definitivas dos expediente completos a través da acta que



se acompaña a este informe, supeditada, en todo caso, á existencia de crédito e o cumprimento dos requisitos.

Por todo o anterior , proponse a Xunta de Goberno a aprobación :

1º.- Da proposta, nos termos efectuadas pola comisión de Valoración na reunión do data 31.05.2021 (Achégase acta).

2º.- Da Listaxe de beneficiarios da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” dentro do programa Prende ! Bota raíces no rural, xunto co importe máximo de subvención, 5.700,00€ durante as anualidade 2021 e 2022. O beneficiario reúne todos os requisitos e o expediente adecúanse ás bases para a concesión da subvención en réxime de concorrencia non competitiva, constando no mesmo declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, de seguridade social e Deputación de Lugo.

BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
Carlos Val Pardo	Antas de Ulla	Camareiro/a	5.700,00€
TOTAL			5.700,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA BONO IMPULSO-DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA A HOSTALARÍA E COMERCIO LOCAL).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Pandemia ocasionada polo Covid 19, esta xerando graves estragos na economía, que arrastra a millóns de empresas o peche aumentando de forma considerable as cifras de desemprego no territorio. O reto no que nos atopamos é dobre e debe estar centrado no apoio as empresas e as familias para asegurar unha recuperación mas rápida e forte da economía, por este motivo aprobouse o 30 de abril de 2021 en Xunta de Goberno as bases do Programa Bono Impulso- Deputación de Lugo.

Tal e como se establece nas bases, abriuse un prazo de 15 hábiles para que os establecementos poidan adherirse o programa finalizando o 25 de maio de 2021.

Revisadas as solicitudes, elabóranse os listaxes de establecementos adheridos. Ditos expedientes reúnen tódolos requisitos esixidos e adecúanse ás bases do programa, así coma a listaxe de establecementos excluídos xunto coa motivación da mesma, tal e como establecen as bases do programa para a súa posterior aprobación (Base 14). (Achégase listaxe)

Que a vista da documentación e datos que obran no expediente considerase que o beneficiario cumpre todos os requisitos para optar a subvención, así mesmo conta no formulario web de solicitude, declaración responsable do solicitante de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, agás a excepción prevista na base 8 do programa de non atoparse o corrente cas obrigas tributarias, de Seguridade Social e Recadación , quedando aprazada a súa comprobación no momento da presentación da conta xustificativa.

Por todo o anterior, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar a relación de establecementos adheridos en forma e prazo. Ditos establecementos cumpren todos os requisitos para optar a subvención, así mesmo conta no formulario web de solicitude, declaración responsable do solicitante de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, agás a excepción prevista na base 8 do programa de non atoparse o corrente cas obrigas tributarias , de Seguridade Social e Recadación, quedando aprazada a súa comprobación no momento da presentación da conta xustificativa



2º.- Aprobar a relación de establecementos excluídos xunto co motivo da mesma.

3º.- Aprobar a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO	1.025,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 16 de decembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 203, do día 4 de setembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2020.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ASOC. CULTURAL IRMANDADE AUGAS SANTAS	1.815,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INSTALACÍONS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAI NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:



“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 16 de decembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 203, do día 4 de setembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da Provincia de Lugo na anualidade 2020.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprrobe a seguinte renuncia:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ASOC. CULTURAL LEÑA VERDE	1.992,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 20 de novembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 273, do venres 27 de novembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrancia competitiva, ano 2020.

Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Que consta no respectivo expediente solicitude de renuncia.

Categoría	Nome entidade	Nome actividade	Subvención
Actividade competitiva 2020	Club Atlético Escairón	Fútbol	1.789,00 euros
Actividade competitiva 2020	Ribadeo Fútbol Club	Fútbol	1.761,00 euros

Que de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, procede aceptar de plano as mencionadas renuncias polos importes indicados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.